

SANTA SÍA DE ROMA (SANTA SÍA)

Por Evaristo Domínguez e Xosé M^a Lema

Parroquia situada na zona oeste do concello, dentro do grupo de parroquias meridionais; as súas augas diríxense cara ó norte (rego da Fonte do Lobo) e cara ó oeste co minúsculo rego das Lavadeiras, que vai dar ó anterior e que discorre non moi lonxe da aldea de Rus. Os seus fortes desniveis permitiron o funcionamento, no seu curso, de varios muíños. O seu territorio forma parte da cunca do río Grande do Porto, o gran colector das augas da Terra de Soneira.

É unha parroquia que presenta grandes desniveis entre os cumes que a bordean, especialmente polo monte de Roma (469 m), nos lindes coa parroquia de San Martiño de Meanos, polo ESE e, polo monte do Brondo, non moi lonxe da aldea de Rus, no linde ENE (457 m). Ambas as dúas elevacións constituirían unha parte do reborde norte da pencheira do Xallas, dentro do Concello de Zas.

Rus, a maior das dúas aldeas da parroquia, sitúase na caída do monte Brondo cara ó rego da Fonte do Lobo e érguese sobre os 370 m. de altitude. A pouco máis de quilómetro e medio en liña recta sitúase a aldea de Santa Sía (310 m de altitude), no fondo do encaixado val deste río.

Case toda a parroquia se asenta, agás un pequeno afloramento polo N (zona do monte Brondo, que sería un ortogneis biotítico), sobre gneises félsicos con retroecloxitas intercaladas; se ben no fondo do rego que a cruza de S a N aparecen materiais sedimentarios do Cuaternario e, no borde occidental da parroquia, continuándose pola veciña de Serramo, as rochas do sustrato serán o ortogneis con anfíbol. Un pequeno afloramento semellante a este último en forma de lentellón alongado aparece entre as aldeas de Santa Sía e Meanos, aínda que estaría case todo el na parroquia de San Martiño.

No Antigo Réxime formaba parte da xurisdición señorial de Vimianzo, baixo o dominio do conde de Altamira. Eclesiasticamente é parroquia anexa de San Martiño de Meanos (as dúas do arciprestado de Céltigos).

A súa extensión é de 7,9 km². A parroquia, que nos nomenclátoreos antigos se denominaba “Roma” (así figura no tomo XIII do *Diccionario Geográfico* de P. Madoz, 1849), atendendo á verdadeira denominación popular, empezando polos propios veciños da freguesía, pasa a denominarse oficialmente **San Sía de Roma**, segundo o ditame da Comisión de Toponimia da Real Academia Galega, avalada pola Xunta de Galicia (*DOG* nº 8, 12-1-1995).

Soamente ten dous lugares: **Santa Sía** e **Rus**. Temos estes datos da súa evolución demográfica ó longo da historia: 8 veciños (1607), 16 vc. e 96 hab. (en 1836 e 1849), 135 hab. (ca. 1928), 24 vc. e 184 hab. (1965. Ó longo do século XX e no que vai de séc. XXI as súas aldeas tiveron os habitantes que van nos dous cadros seguintes, polo que é unha das parroquias que máis masa demográfica perdeu neste século con máis dun 34,7 % en tan só 16 anos. Se a comparación se fai co ano 1900, a poboación actual só sería o 50,3% da dese ano e se se fai con relación a 1970, a perda nestes


últimos 47 anos foi dun 58,4%.

	1900	1910	1920	1630	1940	1950	1960	1970	1981	1991	1996	2000
Rus	75	65	70	62	76	84	92	99	67	66	59	49
Santa Sía	64	70	66	67	83	98	87	91	87	82	81	71
SANTA SÍA DE ROMA	159	135	136	129	167	182	179	190	164	148	140	120
PORCENTAXES %	100	84,90	85,53	81,13	105,0	114,5	112,6	119,5	103,1	93,08	88,05	75,47
CONCELLO	5733	5547	6272	6275	7747	8004	8098	8471	7285	6560	6.160	5.219
PORCENTAXES %	100	96,75	109,4	109,4	135,1	139,6	141,2	147,8	127,0	114,4	107,5	91,03

Evolución da poboación das aldeas da parroquia e do concello, así como das porcentaxes dos mesmos, ao longo do séc. XX (ano 1900 = índice 100%)

	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016
Rus	71	70	68	66	64	66	65	62	59	60	60	56	51	49	48	46
Santa Sía	50	49	49	46	44	44	40	37	37	36	35	35	34	33	34	33
SANTA SÍA DE ROMA	121	119	117	112	108	110	105	99	96	96	95	91	85	82	82	79
Porcentaxes %	100	98,3	96,7	92,6	89,3	90,9	86,8	81,8	79,3	79,3	79,3	75,2	70,2	67,8	67,8	65,3
CONCELLO	6160	6082	5978	5867	5780	5674	5549	5459	5385	5295	5219	5109	4983	4902	4846	4756
PORCENTAXES %	100	98,73	97,04	95,24	93,83	92,11	90,08	88,62	87,42	85,96	84,72	82,94	80,9	79,6	78,7	77,2

Evolución da poboación das aldeas da parroquia e do concello, así como das porcentaxes dos mesmos, no séc. XX (ano 2001 = índice 100%)



Evolución do poboamento da parroquia e de todo o concello desde o 2001 ó 2016, en porcentaxes



O lugar de Santa Sía, un dos poucos de hábitat concentrado do concello e da comarca
[foto XMLS]

Santa Sía: unha bonita aldea de hábitat concentrado

Santa Sía é talvez un dos lugares máis fermosos de todo o concello de Zas, pois, recollido nunha vaguada, as súas casas agrúpanse harmoniosamente en torno á súa igrexa parroquial, sen apenas elementos que alteren a paisaxe. ¡Mágoa que non se cubran con tella os inoportunos teitos de uralita dalgunhas casas e cabanotes! O visitante ten unha fermosa vista panorámica do lugar tras a curva que sae da aldea pola parte sur, en dirección á parroquia de San Martiño de Meanos: en primeiro termo, a igrexa co seu alto campanario e despois todas as casas veciñais agrupadas na súa volta. Santa Sía é un dos poucos lugares que por estas comarcas occidentais de Galicia presentan un hábitat agrupado, pois moi poucas son as casas construídas fóra do núcleo.

Pero non só é a aparencia exterior, a vista panorámica dos tellados. Entrando no núcleo "urbano", vemos que as casas -fóra dalgunhas excepcións de recentes desastrosos arranxos feitos con cemento á vista que "cantan" escandalosamente- conservan a súa estrutura tradicional: casas rectangulares de pedra e tellado a dúas augas, algunha delas de cantería, as restantes de cachotería coa cantería reservada para as luces e esquinais. En concreto, chaman a atención algunhas casas de pedra realmente fermosas, incluso unha delas recentemente reformada (situada fronte á igrexa), pero con

acceptable gusto.

Hai tamén dous cruceiros: o da igrexa, hoxe situado fóra do adro, pola súa parte sur (de 1930, segundo a inscrición do seu pedestal), e o que se atopa nunha especie de praciña do medio do lugar. Outro elemento que chama a atención aquí é o aproveitamento da auga, pois do monte baixa un bulideiro regueiro que, bordeando o adro parroquial pola parte sur e oeste, atravesa o lugar na dirección sur-norte para perderse nos herbais. Os veciños encanaron ben esta auga cantareira pola beiravía do camiño -hoxe pista asfaltada-, sen deixaren de aproveitala no posible, pois construíron lavadoiros de pedra no leito destes regos, ofrecendo hoxe un inusitado panorama etnográfico. A auga é un elemento vivo neste lugar, afeito a escoitar durante todo o ano o bulir relaxante do seu paso apurado. Os amantes do turismo rural quizais teñan aquí un sitio ideal para pasar visitar.



Rus, o outro lugar da parroquia de Santa Sía [foto EDR]

O nome da parroquia: de Santa Sía a Santa Sía *de Roma*, o curioso engadido onomástico do séc. XVI

Nada menos que catro parroquias do Concello de Zas deben a súa denominación a outros tantos haxiotopónimos ('lugares formados a partir de nomes de santos ou de santas'): San Martiño de Meanos –que xa vimos–, Santo Adrián de Castro, San Cremenzo de Pazos e Santa Sía de Roma. De todos eles, o máis investigado, estudado e discutido é este último, non pola primeira parte –o haxiotopónimo en si, Santa Sía– senón pola segunda: o complemento “de Roma”.

No tocante á primeira parte, está claro que Sía é a forma con seseo de Cía, e esta é o resultado dunha evolución histórica a partir do nome latino CAECILIA, feminino do cognome ('segundo apelido dos romanos') latino CAECILIUS ('Cecilio'), que para uns derivaba de CAECUS 'cego' e para outros dun xentilicio (CAECIANUS).

No paso do latín ó galego, no caso que nos ocupa, SANCTA CAECILIA pasou, por haploloxía (palabra que quere dicir 'omisión dunha sílaba ou dun son por causa da semellanza ou proximidade con outra') primeiro a **Santa Cecilia** e, finalmente, a **Santa Cía** ou **Santa Sía** (esta forma debida ó seseo dominante na área lingüística Fisterra Norte). Noutras zonas de Galicia o resultado foi *Cilla* (Santa Cilla do Valadouro, na Mariña luguesa) ou *Icía* (Santa Icía de Trasancos, parroquia do concello de Narón, lindeira con Ferrol).

Na documentación medieval, aparecen estas formas referidas á nosa parroquia:

(en latín):

Sancta Cecilia (ano 1136, no *Tombo de Toxos Outos*, colección de documentos medievais do desaparecido mosteiro de Toxos Outos, no actual concello de Lousame),

Sancte Cecilie (ano 1173, tamén en Toxos Outos)

Sancta Cecilia (ano 1195, tamén en Toxos Outos)

(en galego):

Santa Çeçya de Soneyra (sen data)

Santa Cezia (sen data)¹

Como se pode comprobar polos documentos, na Idade Media non aparece o complemento “de Roma” por ningures. A única vez que aparece cun engadido é o “de Soneyra”, referido á comarca da que forma parte, para diferenciala doutras freguesías coa mesma patroa.

O complemento “de Roma” aparece na documentación no último terzo do séc. XVI. No servidor do Arquivo da Catedral de Santiago (ACS) atopamos os primeiros testemuños documentais desta novidade:

¹ En MARTÍNEZ LEMA, P. (2010: p. 219).

Santa Cecilia de Roma (ano 1570),
Santa Sía de Roma (1574),
Santa Zezilia de Roma (1575),
Santa Sezilia de Roma (1587),
Santa Cía de Roma (1591)²
Santa Zeçia de Roma (1592)³.

Como se pode comprobar, o nome de **Santa Sía** xa se rexistraba a finais do séc. XVI. Uns anos despois, xa a principios do séc. XVII, o engadido ou complemento debía estar xa consolidado, pois o cardeal-visitador Jerónimo del Hoyo escribe, na visita que fixo á freguesía en 1607, **Santa Cecilia de Roma**.

Cando e por que se produciu este cambio? Cando e por que se lle engadiu “de Roma” a Santa Sía?

Pensamos que a resposta está noutro artigo doutro profesor da Universidade de Vigo, Antón Palacio, titulado *Malos, Perros e Cas, topónimos interditos*⁴. Estas tres parroquias galegas, que ata mediados do séc.

XVI se denominaban Santa María de Malos, Santa María de Perros (no actual concello de Brión) e San Mamed de Canes/Cas, seguramente por se consideraren os seus nomes feos ou irreverentes para figuraren acompañando o patrón ou a patroa da freguesía, foron substituídos nos tres casos por Los Ángeles: Santa María de Los Ángeles, nos dous primeiros casos, e San Mamed de Los Ángeles no terceiro⁵.

Palacio Sánchez supón que este cambio estético foi, dalgún xeito, resultado dos acordos do Concilio de Trento, rematado en 1563, ó que asistiu o prelado castelán Gaspar de Zúñiga, que tomara posesión como arcebispo de Santiago de Compostela en 1559.

Cando volve de Trento, este arcebispo convoca un Concilio Provincial Compostelano, celebrado en Salamanca entre 1565 e 1569, no que se acorda aplicar decontado as normas tridentinas e, entre



² Todos estes testemuños documentais rexistrounos Icíá MOREIRA VILLAMARÍN, no seu traballo *Os resultados do nome latino Caecilia* (Universidade de Vigo, xullo 2016; p. 13). A autora, alumna desta universidade, baixo a dirección do profesor Gonzalo Navaza (a quen lle agradecemos a súa colaboración para a elaboración deste apartado), fixo o traballo para investigar sobre a orixe e evolución do seu propio nome. Como se pode comprobar, o nome reducido de Santa Cecía ou Santa Sía xa estaba consolidado a finais do séc. XVI.

³ Véxase, nas páxinas finais, o documento sobre as obrigas feudais debidas nesta parroquia ó conde de Altamira.

⁴ A. PALACIO SÁNCHEZ (2014): “Malos, Perros e Cas, topónimos interditos”, en *Estudos de Lingüística Galega* 6

⁵ No artigo de A. Palacio cítanse outros numerosos casos de substitución de nomes de lugar por capricho de reis ou arcebispos, por razóns diversas, tanto en Galicia coma noutras zonas de España e Portugal.

outras cousas, impulsar a veneración e o culto á Virxe e ós santos.

Os cambios a Los Ángeles (en castelán) de parroquias con topónimos considerados feos ou irreverentes coincide no tempo co engadido “de Roma” para esta parroquia, que ata daquela só era Santa Cecía ou Santa Sía. Tales cambios producíronse entre 1565 e 1570.

No caso da nosa parroquia soneirá non tivo nada que ver a estética do nome, senón que quizais se considerou que a freguesía estaba “coxa” co nome da santa a secas sen a compañía un “apelido” referencial coma a maior parte das freguesías, sen un complemento que deixase claro que esta santa chamada Cía ou Sía polo pobo non tamén pertencía con todo dereito ó santoral oficial católico (e non era produto dunha de tantas veneracións espontáneas populares). Ó prelado Zúñiga, castelán de nacemento, non lle había de agradar moito ningunha das formas populares galegas, e seguramente del ou dos seus conselleiros partiu a orde, por unha parte, de que se recuperase a forma plena do nome, coincidente coa forma castelá, e, pola outra, de lle engadir o complemento “de Roma” para que non houbera a menor dúbida de que a patroa se identificaba coa mesmísima mártir romana do séc. III e non outra (pois houbera outras mártires así chamadas).

Esta é a explicación que nos parece máis veraz. Resumindo: o nome da parroquia foi, ata o ano 1570, unicamente Sancta Caecilia (en latín), Santa Cecilia, Santa Cecía, Santa Cía ou Santa Sía (en galego), e, a partir deste ano, pasou a ser Santa Cecilia de Roma por imposición dunha autoridade eclesiástica. Aceptouse o engadido, pero a xente seguiu mantendo Santa Sía tanto para o lugar onde se atopa a igrexa coma para falar da patroa, malia a teima castelanizadora dos sucesivos párrocos.

Polo tanto, non ía nada descamiñado o especialista en toponimia Fernando Cabeza Quiles cando aventuraba que este Roma non era un topónimo de orixe xermánica como outros tres que existen en Galicia (un deles no concello de Ponteceso), para os cales os filólogos remiten a unha voz *roma* de orixe xermánica co significado de ‘casa, construción’ (relacionada co inglés *room* ‘cuarto’). O polígrafo de orixe berciana –pero bergantiñán de corazón–, malia non dispoñer da documentación recente achegada por estes traballos da Universidade de Vigo, xa se decatara de que o complemento de Santa Cecilia ou Santa Sía era postizo e “debe facer alusión (...) ao nome desta cidade [é dicir: á Roma de Italia] por ser o lugar de nacemento da santa” (CABEZA QUILES; 2014: 451).

O outro lugar da parroquia, **Rus**, segundo F. Cabeza, é posible que proceda de *(*villa*) *Ruderici* ou de *Rudericus* (‘mansión rural de Rodrigo’). Hai outro Rus no concello de Carballo.

A igrexa parroquial de Santa Sía de Roma

Está situada na zona sueste do lugar de Santa Sía, perfectamente integrada entre as casas: o seu alto campanario parece presidir, dalgún xeito, o conxunto "urbano" desta bonita aldea, que melloraría moito o seu aspecto exterior se se cubrisen de tella os teitos grises de fibrocemento.



Fachada da igrexa parroquial de Santa Sía de Roma [foto Lucía Otero, 2017]

Arquitectura da igrexa

Trátase dun edificio de estilo barroco, construído no séc. XVIII, de liñas moi simples e austeras, de planta de salón e cunha nave rectangular e un presbiterio cuberto cunha bóveda de canón.

A fachada, lisa, remata nunha alta torre-campanario de cemento dun único corpo culminada por unha cúpula. Aínda que segue o modelo dos campanarios barrocos composteláns do séc. XVIII (segundo o modelo do arquitecto Simón Rodríguez do ano 1713 da igrexa de San Fiz de Solovio), este campanario foi construído a mediados do séc. XX.



Vista xeral da igrexa parroquial de Santa Sía de Roma [foto EDR, 2017]

Interior da igrexa: un interesante retablo barroco de pedra

No seu interior apreciamos trazos de arquitectura de finais do séc. XVIII no presbiterio, co seu arco triunfal de ingreso e a bóveda de cantería.



Retablo maior de Santa Sía de Roma, de pedra e de estilo barroco (primeiro terzo do séc. XVIII)
[foto XMLS]

Chama poderosamente a atención o **retablo maior**, realizado todo el en pedra, que en sentido vertical presenta un único corpo e un ático, coroado este cun frontón semicircular.

O corpo divídese horizontalmente en tres paneis separados por columnas salomónicas (helicoidais) cos seus fustes percorridos de vides e pámpanos envolventes e capiteis de orde composta. En todos os paneis ou intercolumnios do retablo hai relevos pétreos de bastante vulto.



San Francisco salvando ánimas do purgatorio (relevo da parte norte do retablo maior) [foto XMLS]

No corpo principal, á esquerda do espectador, vemos a figura dun san Francisco barbado estendendo o cordón do seu hábito para salvar ánimas do purgatorio, envoltas en chamas (como anécdota, as ánimas da parte baixa están espidas, as intermedias levan tiaras de bispos e as de arriba, como se entende que obtiveron a salvación, xa son anxos).

Os frades franciscanos e dominicos espallaron coas súas prédicas a crenza no purgatorio, en cumprimento dos acordos do Concilio de Trento (1545-1563).



Relevo de san Xoán Bautista, da parte sur do retablo maior [foto XMLS]

O relevo da dereita do espectador representa a san Xoán Bautista, santo que recibe culto na parroquia. Viste a típica pelica de ovella (vestidura propia dos ascetas do deserto), leva un rústico caxato na man esquerda e, sobre o tronco dunha árbore descarnada, un libro sagrado, e enriba deste o año pascual, que representa a Cristo, pois fora o santo quen o anunciara.

Na parte inferior do intercolumnio central colocouse **un sagrario**, tamén de pedra e de forma prismática, que leva nos esquinais frontais columnas salomónicas a escala. Sobre el vai a imaxe de madeira da patroa, santa Sía, que non corresponde á época nin á obra do retablo; represéntase como unha mociña vestida á moda dos patricios romanos, con túnica e manto, coa palma do martirio na man esquerda..



Detalle do panel central do retablo maior, coa imaxe en madeira de santa Sía sobre o sagrario [foto XMLS]

O sagrario tamén leva relevos nos tres lados visibles: dous en pedra, coas figuras barbadas de **san Pedro** (lado norte; coa chave alzada na man dereita, o libro –atributo dos apóstolos– na esquerda) e de **san Paulo** (lado sur; cun gran espadón da man dereita, e o libro na esquerda) e un de madeira na parte frontal, na propia porta (representa a **Cristo resucitado** saíndo do seu sartego, cunha cruz na man). As tres figuras non son de moita calidade.




Relievo de san Pedro, no lateral norte do sagrario [foto XMLS]



Relievo de san Paulo, do lateral sur do sagrario [foto XMLS]

As columnas do corpo principal sosteñen un entaboamento, crebado na parte central, que serve de base ó ático. Neste entaboamento, na parte correspondente á esquerda do espectador, lese a seguinte **inscrición**: "ESTA OBRA SE ISO SD^o [SIENDO] R^R [RECTOR] D./ JU^o [JUAN] ANT^o [ANTONIO] SAA...RA [SAAVEDRA (?)] Y ALBARADO".

Este D. Juan Antonio Saavedra y Albarado sería o párroco que rexentaba a freguesía cando se fixo o retablo. No lado dereito debería continuar a inscrición coa data da feitura e posiblemente co nome do autor, pero está practicamente borrada e non se pode ler nada.



Inscrición na parte esquerda do entaboamento co nome do párroco que mandou facer o retablo [foto XMLS]



Relevo do ático, que representa a santa Sía tocando un clavecín, como patroa da música [foto XMLS]

No ático, enmarcado por pilastras de flores e froitos –e estas por voluminosas volutas- hai outro relevo de non doada identificación, pois hai elementos que non se distinguen ben. Así e todo non hai dúbida de que a figura representada é a da patroa do templo, **Santa Sía**, unha moza vestida cunha túnica branca e un manto azul, sentada diante dun instrumento musical, un clavecín ou clavincéfalo (está coas mans sobre as teclas en disposición de tocar); pola parte superior esquerda baixa cara a ela a branca pomba do Espírito Santo.

Por enriba desta escena, coroando todo o conxunto, a figura dun **Padre Eterno** nun frontón semicircular, coa bóla do mundo nunha man e a outra en actitude de bendicir.



O relevo de Deus Pai coroando o retablo [foto XMLS]

O retablo é de estilo barroco, seguramente realizado no primeiro terzo do séc. XVIII, sen dúbida antes do ano 1730 (as columnas salomónicas ou helicoidais estaban de moda por esta época). O meirande interese desta obra está no material en que foi feito, en pedra de granito, o que condicionou a calidade das súas formas, que non saíron tan perfectas como era desexable a causa da dureza do material e, loxicamente, tamén pola impericia do seu autor (apréciase na desproporción da maior parte dos corpos, nas deficientes perspectivas). Quizais o maior logro deste anónimo escultor fose o relevo de san Francisco salvando ánimas do purgatorio, en especial os rostros serenos dos condenados entres as lapas.

Aínda que se observan estas deficiencias técnicas, a importancia artística deste retablo de pedra de Santa Sía é de valorar, pois non son moitos os retablos pétreos no barroco galego de principios do XVIII, pois este estilo -polas súas abundantes sinuosidades e abondosa decoración minuciosa- é precisamente o menos indicado para levar á pedra. Este retablo é contemporáneo dos dous laterais de Brandoñas, pero consideramos que os seus autores son distintos.

Santa Cecilia, Cecía ou Sía, padroeira da música por unha mala tradución

Santa Cecilia (forma plena), **Cecía**, **Icía**, **Cilla**, **Cía** ou **Sía** (formas populares galegas, todas válidas como nomes de muller) é coñecida universalmente como **patroa dos músicos**, pero cómpre aclarar que esta relación coa música, da que aínda non se sabe cando naceu, debeuse a unha tradución errónea das anónimas *Actas de Santa Cecilia* (ano 480), en latín, en concreto na pasaxe «*canentibus organis illa in corde suo decantabant*», que se traduce por “mentres soaban os instrumentos, ela cantáballe ó corazón [ó Señor]”. A mala tradución consistiu en que os ‘*organis*’ (‘instrumentos’ simplemente, e quizais de tortura, pois ía cara ó martirio)” se convertesen en “instrumentos musicais”, considerando que soaban no momento da súa voda.

Ata se chegou a traducir “organis” por ‘órgano [musical]’, e a partir do séc. XV os pintores empezaron a representala cun órgano portátil ou cun clavincéfalo (https://es.wikipedia.org/wiki/Cecilia_de_Roma; 2017 / MOREIRA VILLAMARÍN; 2016: 18). Un exemplo é o relevo deste noso retablo.

A dicir verdade, a historia desta mártir está sumida na lenda case na súa totalidade, pois non aparece nas listas de santos ata a aparición das citadas *Actas de Santa Cecilia*. Hai moitas versións da súa lenda, unha delas conta que foi forzada ó matrimonio polo seu pai e que a música da cerimonia nupcial fora para ela máis un motivo de desgusto e de dor que de ledicia (FERRO RUIBAL E OUTROS; 1992: 310).

Malia a súa popularidade como patroa da música, a Igrexa católica aínda tardaría en canonizala e aceptar o seu padroado. Foi precisamente a finais do séc. XVI, en 1594, cando o papa Gregorio XIII a canonizou e lle outorgou este nomeamento “por demostrar unha atracción irresistible cara ós acordes dos instrumentos musicais”. A partir do renacemento daríasele pulo ó seu padroado musical.

Dous retablos laterais e varias imaxes

Na igrexa hai outros dous retablos, de traza neoclásica, situados nos laterais da nave; constan dun único corpo dividido en tres paneis, culminado por un frontón triangular partido.

O situado no muro norte está presidido pola imaxe de **santa Locaia**, vestida –coma santa Sía- á maneira das doncelas patricias romanas, con túnica e manto; como atributos, a palma do martirio na man e un dragón ós seus pés. Tamén hai unha imaxe das chamadas de ‘capela’ para ir polas casas.

O retablo situado no muro sur está presidido por unha imaxe da **Inmaculada**, relativamente moderna (quizais da primeira metade do séc. XX); a Virxe, vestida con túnica e manto, elévase sobre un trono de nubes e querubíns.

Outras imaxes da igrexa: unha **santa Sía procesional** de gran tamaño; unha **Virxe do Carme** que semella barroca e un **santo Antonio** (que non leva o neno Xesús no colo, como é habitual). Estraña que non figure un san Roque, tradicional protector da peste, santo que non falta en parroquia ningunha.



Retablo lateral norte, presidido por santa Locaia [foto XMLS]



Retablo lateral sur, coa imaxe da Inmaculada [foto XMLS]

As distintas visións da parroquia ó longo dos séculos

Cando tratamos da toponimia (e da onomástica, tamén neste caso) xa comprobamos a existencia da parroquia na Idade Media, desde principios do séc. XII: *Sancta Cecilia* nos documentos en latín do mosteiro de Tozos Outos (ano 1132, 1173 e 1195); en documentos posteriores, escritos en galego, aparece como *Santa Cezía de Soneyra* (nunha ocasión; ou *Santa Cecía* a secas noutra).

A partir do ano 1570 aparece o engadido que hoxe é oficial: *Santa Cecilia de Roma*, *Santa Cecía de Roma*, *Santa Cía de Roma* ou *Santa Sía de Roma* (é de salientar que xa daquela evolucionara o nome a esta forma seseante, que a fai única en Galicia).

As obrigas feudais dos veciños da parroquia co conde de Altamira.- Esta parroquia pertenceu durante o Antigo Réxime, como xa dixemos, á xurisdición de Vimianzo, gobernada polos condes de Altamira. En 1592 os vecinos, vasallos do conde á maneira feudal, tiñan estas obrigas:

Servicios y derechuras de Sta. Zeçia de Roma

“Matar cada un año un lobo (...). Cada vecino debe pagar la luctuosa (...). Los que no son peones deben pagar cada un año de servicios tres reales de pedido. Las viudas dos gallinas o su valor. Los peones ir a los curros de Santa Cristina y al Hospital (...). Los que no son peones de ir a un curro y ayudar a llevar el pan a la eira de Coluns y alli majarlo y les han de dar de comer y beber. Los peones lanceros el dia de Santo Adrao acompañar al Conde o a sus merinos a la fiesta de Santo Adrao con sus lanzas y han de estar todo el dia hasta que se les de licencia”

(documento de 1592, transcrito por J. López Bermúdez).

As “Memorias” de Jerónimo del Hoyo (1607).- Outra das visións máis antigas é a que nos ofrece o cardeal **Jerónimo del Hoyo** cando fixo a súa visita pastoral pola diocese de Santiago da que era o administrador. Con relación á nosa parroquia deixou escrito o que segue:

“SANTA CECILIA DE ROMA, ANEXO DE SANTA MINIA DE MEAÑO, EN EL AÇIPRESTAZGO DE CELTEGOS⁶

Esta felegresía tiene ocho feligreses. Los frutos tres partes: las dos y un dezmero la cura, y un tercio, por sincura collativa, un clérigo del obispado de Tuy, Miguel de Acosta, tío del Retor. La parte del retor valdrá nueve cargas de pan. Presentación, con la caveça, del arcediano de Trastamara y la sincura de legos. La fábrica tiene tres ferrados de trigo, los dos se an pagado siempre y el uno de algunos años a esta parte se ha substraído el labrador que traye la tierra de pagar⁷”.

⁶ Respectamos a ortografía da época, aínda que este visitador non se distinguía pola súa corrección lingüística. Tamén as súas equivocacións, e, aínda que aquí aparece “Santa Minia de Meaño”, escribirá correctamente San Martiño de Meanos cando trate esta parroquia.

⁷ Poñéndolle un máximo de catro persoas por casa, todo o máis serían 32 hab. Unha carga eran 12 ferrados, polo cal cada veciño tiña que pagarle, só ó crego, 13 ferrados (súmense estas obrigas ás anteriores debidas ó conde de Altamira).

O Catastro do Marqués de Ensenada (1753).- En 1753 fíxose o chamado Interrogatorio desta e doutras parroquias da redonda –un antecedente da declaración da renda actual- para elaborar o Catastro do Marqués de Ensenada.

No tocante a esta parroquia, descríbense **os seus lindes**:

“Santa Cecilia de Roma tendrá del Levante al Poniente medio cuarto de legua, del norte a el sur media legua y de circunferencia una legua todos de caminos. Limita por el levante con la feligresía de san Martin de Meanos, por el Poniente con la de san Miguel de treos por el Nortecon la de santiago de Loroño y por el sur con la de san Thirso de Muiño”.

Tamén se nos indicaba onde había muíños e quen eran os seus propietarios:

“Y en la felig de santa Cecilia de Roma hai cuatro rruedas de Molinos Arineros de Piedras negras el uno llamado de la Valiña sobre el Río de el Bao Rosario con el que muele por canle seis meses al año propio de D. Florencio de Lema (...) otro llamado rego furado sobre el Río valiña conelquemuele sietemeses al año propio de Benito de Leis (...) otro llamado deuesa de el Rey sobre el Río valiña con el que muele seis meses al año propio de Alverto García y consorte (...) otro llamado das Garcias sobre el rio de este nombre con el que muele seis meses al año propio de Alverto García y consorte.”

E mesmo o número de colmeas que había na parroquia, e mais os seus donos:

“En la feligresía de Santa Cecilia de Roma Benito de Leis dos Colmenas= Buenaventura tres Agustin trillo siete Juan Martínez cinco Mathias de Antelo cuatro Maria Garcia tres Rufina de grille dos Domingo Romar tienetrece colmenas...”

Tamén se informa que naquela data había 23 veciños (familias) e que na freguesía non se vendía viño (é dicir, que non había ningunha taberna). Se lle calculamos un máximo de catro persoas por casa unha familia, é posible que houbera preto de 92 habitantes na parroquia.



Lavadoiro fronte á fachada da igrexa de santa Sía
[foto EDR]

No Diccionario de Pascual Madoz (1846-1850).- Esta é a descrición da parroquia a mediados do séc. XIX:

“ROMA (STA. CECILIA DE): felig. en la prov. de la Coruña (9 1/2 leg.), dióc. de Santiago (7 1/2) , part. jud. de Corcubion (4 1/4) y ayunt. de Zas (1 / 2). SIT. á la der. del camino de Santiago á Vimianzo; CLIMA templado y sano. Comprende los I. de Roma y Bus con unas 20 CASAS. La igl. parr. Sta. Cecilia es anejo de la de San Martin de Méanos, con cuyo térm. confina al E ; por N. San Miguel de Treos; O. San Tirso de Muino, y S. San Sebastian de Serramo. El TERRENO es de mediana" calidad. Además del indicado CAMINO pasa por el S. , el que se dirige de Mugía á Sta. Comba: el CORREO lo recibe con el de Zas. PROD.: t r i g o , maiz , algún centeno, legumbres y p a s t o s; cria ganado vacuno, caballar, lanar y de cerda; hav caza y su principal IND. es la agrícola POBL.: 16 v e c ., 96 alm CONTR: con su ayunt. (V.)”.

Geografía de Galicia (1925-1930), segundo Eugenio Carré Aldao.- Finalmente, a descrición a mediados da década 1920-1930:

“Santa Cecilia de Roma, filial de Meanos. Al NE. encuéntrese el monte Brondo y al SO. el Pedrido. Las derivaciones de los montes que la rodean dividen sus aguas, yendo de S. a N. las de las vertientes septentrionales a formar un afluente al río Xora o Bayo, y las de las meridionales son el nacimiento del río Zas. No tiene sino dos aldeas, Roma y Rus, con 38 viviendas y 135 habitantes de hecho y 140 de derecho”.

Unha curiosidade histórica: o nonato concello de Roma (1842)

Quizais moitos non saben que Santa Sía houbo de ser capital de concello, substituíndo a Zas nesta función. Aconteceu isto en 1842, cando a Deputación da Coruña, na sesión do 5 de abril, acordou reducir o número de concellos. Con esta redución, no partido de Corcubión quedarían unicamente tres concellos, entre eles o de **Roma**, capital preconizada dun deles, que comprendía todas as parroquias de Zas -que desaparecía como municipio-, e unha boa parte das de Vimianzo. Pero Santa Sía de Roma nunca chegou a ser concello, pois o proxecto só quedou en proxecto e Zas seguiu sendo a capital do seu (FARIÑA JAMARDO; 1993-t.10: 509).

Dado o illamento que aínda hoxe sofre este lugar preguntámonos que motivos houbera en 1842 para pensar nel como capital de concello.

Festas parroquiais

A da patroa, Santa Sía, celébrase o 22 de novembro e o 23 San Antonio. Con todo, a celebración máis importante parece ser a de santa Locaia, o luns de Pascua (a mesma data da festa de Santa Locaia do Burato, de Santa Baia de Chacín-Mazaricos); ten procesión arredor do adro.

Outras festas: san Xoán (24 de xuño) e santa Eufemia (16 de setembro).

Inventario dos bens do patrimonio de Santa Sía de Roma (segundo o PXOM)

Arquitectura e etnografía	Arqueoloxía
1.- Igrexa parroquial de Santa Sía	10.- Castro dos Valiões
2.- Cruceiro do Igrexario	11.- Arca da Piosa*
3.- Cruceiro en Rus	12.- Mámoa Nº 2 de Arcas da Piosa.
4.- Cruceiro en Rus	13.- Mámoa Nº 3 de Arcas da Piosa
5.- Cruceiro en Riba da Braña (Rus)	14.- Mámoa Nº 4 de Arcas da Piosa
6.- Cruceiro en Fontecovas de Fóra	15.- Mámoa Nº 5 de Arcas da Piosa
7.- Cruceiro en Alto de Roma da Fenlla	16.- Mámoa do Freixo
8.- Cruceiro en Santa Sía	
9.- Casa, alpendre e hórreo. Santa Sía	*Este monumento é da parroquia de Muíño (non da de Santa Sía).

Bibliografía básica

- CABEZA QUILES, F. (2014): *A toponimia celta en Galicia*; Ed. Toxos Outos, Noia.
- DOMINGUEZ RIAL, E. (1984): “Riqueza arqueolóxica del Ayuntamiento de Zas”, in *O Voceiro de Zas* nº 0, 1, 2; Zas.
- FARIÑA JAMARDO, X. (1993): *Os concellos de Galicia*, t. X; Fundación Barrié de la Maza, A Coruña.
- FERRO RUIBAL, X. (dtor.) e outros (1992): *Diccionario dos Nomes Galegos*; Ed. In Indo, Vigo.
- (https://es.wikipedia.org/wiki/Cecilia_de_Roma; última consulta 10-3-2017.
- <http://info.igme.es/cartografia/magna50.asp?hoja=68>
- LAREDO CORDONIÉ, J.M^a e X.M^a LEMA SUÁREZ (2012): *Os cruceiros máis sobranceiros da Costa da Morte. I. Bergantiños Occidental e Terra de Soneira*; Seminario de Estudos da Costa da Morte; Vimianzo.
- LEMA SUÁREZ, X.M^a (coord. e dir.) et alii [E. DOMÍNGUEZ RIAL, X. FERNÁNDEZ CARRERA, R. MOUZO LAVANDEIRA e X.M^a REI LEMA] (2010): *A Terra de Soneira, no corazón da Costa da Morte*; Edicións Xerais de Galicia, Vigo.
- Mapa Topográfico Nacional, escala 1:25.000 (folla 68, Cuarto IV)

- MARTÍNEZ LEMA, P. (2010): *A toponimia das comarcas de Bergantiños, Soneira e Xallas na documentación do Tombo de Toxos Outos (séculos XII-XIV)*; USC, Santiago.
- MOREIRA VILLAMARÍN, I. (2016): *Os resultados do nome latino Caecilia Caecilia*; traballo de Grao Universitario de Estudos (dir. por G. Navaza); Universidade de Vigo.
- PALACIO SÁNCHEZ, A. (2014): “Malos, Perros e Cas, topónimos interditos”, en *Estudos de Lingüística Galega*, pp. 217-231; [DOI <http://dx.doi.org/10.15304/elg.6.1717>].